

PROBLEMAS INFORMÁTICOS NA APERTURA LISTAS ESCALAS DE PERSOAL FUNCIONARIO DE PSX E XEROCULTOR

Santiago de Compostela 03/12/2021

O pasado día 30 de novembro abriuse o prazo para solicitude de inclusión en listas das escalas de **Persoal de Servizos Xerais (PSX)** e **Xerocultor/a**, prazo que remata o vindeiro día 20 de decembro.

A **xeración de solicitudes** de inclusión en listas de ambas escalas, como todos e todas sabedes estivo a dar **erros**, postos en contacto co Servizo de Listas de Contratación Temporal, **confirman que lles chegaron solicitudes en branco, sen ámbitos... etc.**

Desde este Servizo instan a que todos aqueles fixeron a súa **solicitude no momento inicial a revisen e ante as dúbidas, que se volva a realizar unha nova solicitude**, en tanto que de conformidade coa Resolución, no apartado primeiro, punto 4: *No **suposto** de que se presenten **varias solicitudes** para a inclusión nas listas para o nomeamento de persoal funcionario interino **dunha mesma escala**, no prazo e forma establecidos na presente convocatoria, **só se terá en conta a última.***